



## NORMAS DE ACTUACIÓN EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN.

### AMEAZA DE BOMBA/INCENDIO.

- Recibido calquera aviso neste senso, pónase baixo as ordes do Xefe de emerxencia e do/a Responsable do Equipo e siga as súas instrucións.
- Os/as Responsables de evacuación de cada andar persoaranse no Centro de Control para dar as instrucións ao equipo.

### ATAQUE TERRORISTA.

- Se o ataque se desenvolve no exterior do Centro pónase baixo as ordes do Xefe de emerxencia e siga as súas instrucións, procedendo ao traslado dos ocupantes ao lugar seguro establecido polo Xefe de emerxencia. Evitarase a permanenza de persoas na proximidade dos accesos ao edificio e das fiestras deste.
- No caso de acceso dos terroristas ao edificio, siga as normas de actuación previstas neste senso polo Ministerio do Interior. Afástese do perigo e, se resulta posible, proceda a desaloxar o edificio. Se isto non é posible, refúxiese no interior dun recinto e bloquee os accesos a este.

### EVACUACIÓN.

- Recibida, do Xefe de emerxencia a orde de evacuación (parcial ou total) os integrantes do equipo de alarma e evacuación deberán organizarse seguindo as instrucións dos/as Responsables de evacuación de cada andar.

### Responsable de evacuación de andar.

- Designará, xunto co Xefe de emerxencia, as vías de evacuación máis idóneas, segundo a emerxencia comunicada.
- Coordinará o desaloxo ordenado das áreas afectadas. O desaloxo realizarase en función da proximidade ao risco.

#### ***Orde desaloxo.***

En función da proximidade ao risco.

1. Ocupantes das áreas afectadas.
2. Ocupantes das áreas continuas situadas dentro do mesmo sector onde se produce a emerxencia.
3. Desaloxarán o edificio en primeiro lugar os ocupantes da planta baixa. De xeito simultáneo, os ocupantes dos andares superiores mobilizaranse ordenadamente cara ás escaleiras máis cercanas, pero sen baixar aos andares inferiores, ata que o indique o/a coordinador/a do equipo de alarma e evacuación. En cada andar a orde será desde as aulas máis próximas ás escaleiras ata as máis afastadas.



## NORMAS DE ACTUACIÓN EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN.

### Responsable de evacuación de andar.

#### **Orde desaloxo.**

#### En función da mobilidade dos ocupantes.

1. Ocupantes con total autonomía.
  2. Ocupantes con autonomía limitada que necesiten axuda para a súa evacuación. Neste caso avisarase de xeito inmediato ao Xefe de emerxencia.
- Sempre que non supoña un risco para a súa seguridade, verificará que non quede ninguén nas aulas, corredores, departamentos e/ou aseos desaloxados.
  - **Sinal de dependencia desaloxada.** Pechará as portas cortalumes dos corredores e marcará a área desaloxada cunha cadeira fronte a porta, no caso dun Departamento, ou cunha papeleira fronte a porta para aseos e corredores.
  - Finalizada a evacuación, os/as Responsables de alarma e evacuación encargaranse da atención e control das persoas evacuadas, colaborando co Responsable do reconto de evacuados na realización de ditas tarefas.

### Equipo de alarma e evacuación.

- Seguirá as instrucións dos Responsables de alarma e evacuación para o desaloxo das aulas. (**Ver apartado orde desaloxo**).
- O profesorado presente en cada aula no momento da evacuación será o responsable do reconto do alumnado ao seu cargo no momento do inicio da evacuación (na aula, taller, laboratorio ou ximansio) e ao final da evacuación (punto de encontro).
- No caso de alumnado con mobilidade reducida ou que precisen axuda para a evacuación, informarase de xeito inmediato ao Responsable de evacuación do andar.
- No caso de continxencia leve (emerxencia parcial) procederase ao traslado do alumnado aos puntos de encontro ou a unha zona alternativa designada polo Xefe de emerxencia. Seguiranse as vías de evacuación marcadas nos planos de evacuación e no seu caso as instrucións do Xefe de Emerxencia.
- No caso de continxencia grave (emerxencia xeral) procederase ao desaloxo completo do Centro, trasladando ao alumnado os puntos de encontro ou a unha zona alternativa designada polo Xefe de emerxencia. Seguiranse as vías de evacuación marcadas nos planos de evacuación e no seu caso as instrucións do Xefe de Emerxencia.
- Comprobará, en caso de incendio, as portas e fiestras das áreas evacuadas queden pechadas, nunca con chave (no caso de risco de explosión, como é o caso de ameaza de bomba, as portas e fiestras das zonas evacuadas deixaranse, pola contra, abertas para aliviar os efectos da posible onda expansiva.



## NORMAS DE ACTUACIÓN EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN.

- **Sinal de dependencia desaloxada.** O profesorado a cargo da dependencia no momento da emerxencia, marcará esta cando estea desaloxada colocando unha cadeira diante da porta.
- No caso de continxencia leve (emerxencia parcial) procederase ao traslado do alumnado aos puntos de encontro ou a unha zona alternativa designada polo Xefe de emerxencia. Seguiranse as vías de evacuación marcadas nos planos de evacuación e no seu caso as instrucións do Xefe de Emerxencia.
- No caso de continxencia grave (emerxencia xeral) procederase ao desaloxo completo do Centro, trasladando ao alumnado os puntos de encontro ou a unha zona alternativa designada polo Xefe de emerxencia. Seguiranse as vías de evacuación marcadas nos planos de evacuación e no seu caso as instrucións do Xefe de Emerxencia.
- Ao chegar ao punto de encontro o profesorado a cargo da aula procederá de novo ao reconto do alumnado evacuado e comunicaralle o número ao/ á Responsable de reconto de evacuados.
- Finalizada a evacuación encargaranse da atención e control das persoas evacuadas colaborando co Responsable do reconto de evacuados na realización de ditas tarefas.

**NOTA.** No caso de evacuación parcial os avisos serán transmitidos de viva voz polo Xefe de emerxencia aos/ás distintas Responsables dos Equipos. No caso de emerxencia xeral, activarase a alarma do Centro.

### PUNTOS DE ENCONTRO.

- Espazos exteriores seguros situados nas pistas deportivas do Centro.

